

Reunión Monte Alto (24/10/2012):

- 1) Interbarrios**
 - 2) Firmas para levar ó Troco (ILP Dación en Pago)**
 - 3) Boletín**
 - 4) Folga**
 - 5) Firmas Inditex**
-

1) Interbarrios:

Non está habendo. Fálase de concertar unha reunión extraordinaria dentro do grupo de Monte Alto para aclarar como podemos facer a partires de agora; enténdese que a Rede non está a funcionar e que a situación non é sostenible. Consultarase por mail unha data (fálouse dun sábado) na que fixar esa reunión.

2) Firmas (ILP Dación en Pago):

Este sábado non pode baixar ninguén follas de recollida de firmas en blanco para ter durante o troco. Pediráselle a Rubén que baixe algunhas.

3) Boletín:

Xa está encauzado, falta engadir un artigo sobre a folga (Xose), outro sobre o resultado das eleccións (Mónica) e a sección “cartas ó director” (María). Para darlle máis repercusión ó boletín fálouse de facerlle eco a través do facebook cando se suba ó blog, así como buscar lugares (bares, locais, etc.) onde poder deixalos tódolos meses.

4) Folga:

Definitivamente se producirá o 14 de Novembro (a que ía convocar CGT para o 31 de Outubro tamén cambiou para ese día). Todo parece indicar que a manifestación será unitaria, decídese consultar por correo se levar a faixa do 15M Monte Alto nesa mani. Fálase da posibilidade de formar piquetes e de facer forza común con outros movementos sociais, pero non se toma ningunha decisión nese sentido por saber que non toda a xente que integra a nosa assemblea está dacordo no tema dos piquetes.

5) Firmas Inditex:

Falta confirmar e asegurar con Fredi que o texto é correcto en termos legais (protección de datos, etc.). Alicia ofrécese para facer as fotocopias.